



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0826	Medios de pagamento internacionais	2024/2025	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RODRIGO OTERO MOREIRA,SUSANA GONZÁLEZ TORRES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica a normativa reguladora dos medios de pagamento internacionais analizando os efectos xurídicos e económicos
RA2 - Caracteriza os medios de cobramento e pagamento nas operacións de compravenda internacionais, analizando os procedementos, os custos e a operativa de cada un
RA3 - Analiza as garantías e os avais, adecuándose á normativa no comercio internacional
RA4 - Xestiona a documentación necesaria para realizar o cobramento ou o pagamento internacionais, analizando os prazos e as condicións estipuladas
RA5 - Identifica os medios de cobramento e pagamento a través de internet e outros sistemas dixitais, garantindo a confidencialidade e a seguridade das transaccións

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Definiuse o que é un medio de pagamento internacional
CA1.2 Identificouse a normativa de ámbito estatal e internacional que regula os medios de pagamento internacionais
CA1.3 Identificouse a normativa estatal que regula o control do mercado de cambio a nivel
CA1.4 Identificouse a normativa de ámbito estatal e internacional que regula os medios de pagamento a través de internet
CA1.5 Interpretáronse as regras e os usos uniformes relativos aos créditos documentarios
CA1.6 Interpretáronse as regras e usos uniformes para o cobramento do papel comercial da Cámara de Comercio Internacional (CCI)
CA1.7 Analizáronse os efectos xurídicos e económicos dos convenios internacionais que regulan os medios de pagamento



Criterios de avaliación do currículo
CA1.8 Analizouse a normativa reguladora dos novos medios de pagamento internacionais
CA2.1 Clasificáronse os medios de pagamento internacionais máis utilizados
CA2.2 Identificáronse as modalidades de créditos documentarios, describindo os seus procedementos de emisión
CA2.3 Caracterizáronse as remesas simple e documentaria como medios de pagamento internacionais
CA2.4 Caracterizáronse os cheques persoal e bancario como medios de pagamento internacionais
CA2.5 Caracterizáronse as ordes de pagamento simple e documentaria como medios de pagamento internacionais
CA2.6 Identificáronse os novos medios de pagamento ou cobramento internacionais
CA2.7 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de diferentes medios de pagamento internacionais, calculando os custos derivados da súa xestión, e a garantía que ofrecen
CA2.8 Identificáronse as principais obrigas legais das entidades financeiras, de seguros e de transporte asociadas á operación internacional, asegurando o cobramento ou o pagamento
CA2.9 Identificáronse os documentos necesarios para levar a cabo o cobramento ou o pagamento dunha operación de comercio internacional
CA3.1 Identificáronse os riscos inherentes ás operacións contractuais internacionais
CA3.2 Definíronse os conceptos de garantía real e persoal
CA3.3 Diferenciáronse as principais garantías reais utilizadas na práctica bancaria e analizáronse os requisitos asociados a estas
CA3.4 Clasificáronse as garantías en función da súa relación coa obriga
CA3.5 Interpretáronse as regras e os usos relativos ás garantías bancarias
CA3.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de cada modalidade de pagamento en función das garantías exixidas
CA3.7 Confeccionouse a documentación relativa á emisión, a modificación e a cancelación das garantías e os avais
CA4.1 Determinouse a solvencia, o risco de impagamento e outras circunstancias financeiras nas operacións de comercio internacional



Criterios de avaliación do currículo
CA4.2 Determinouse a documentación que se exige en cada medio de pagamento para proceder ao cobramento ou ao pagamento da operación de comercio internacional
CA4.3 Identificouse o procedemento definido para a presentación efectiva dos documentos no sistema financeiro
CA4.4 Identificouse para cada medio de pagamento internacional o documento base que o representa
CA4.5 Identificáronse os documentos que interveñen nunha operación de comercio internacional na que se utiliza un medio de pagamento documentario
CA4.7 Identificáronse as causas dos retrasos ou os impagamentos asociadas a diferentes medios de pagamento en operacións de comercio internacional
CA4.9 Xestionáronse os trámites administrativos relacionados co protesto de efectos impagados asociados a operacións comerciais internacionais
CA5.4 Utilizáronse sistemas de certificación dixital que garantan a confidencialidade e aseguren as operacións de cobramento ou pagamento internacionais realizadas a través de internet
CA5.5 Utilizáronse sistemas de intercambio de datos internacionais

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica a normativa reguladora dos medios de pagamento internacionais analizando os efectos xurídicos e económicos
RA2 - Caracteriza os medios de cobramento e pagamento nas operacións de compravenda internacionais, analizando os procedementos, os custos e a operativa de cada un
RA3 - Analiza as garantías e os avais, adecuándose á normativa no comercio internacional
RA4 - Xestiona a documentación necesaria para realizar o cobramento ou o pagamento internacionais, analizando os prazos e as condicións estipuladas
RA5 - Identifica os medios de cobramento e pagamento a través de internet e outros sistemas dixitais, garantindo a confidencialidade e a seguridade das transaccións



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Identificouse a normativa de ámbito estatal e internacional que regula os medios de pagamento internacionais
CA1.4 Identificouse a normativa de ámbito estatal e internacional que regula os medios de pagamento a través de internet
CA1.5 Interpretáronse as regras e os usos uniformes relativos aos créditos documentarios
CA1.6 Interpretáronse as regras e usos uniformes para o cobramento do papel comercial da Cámara de Comercio Internacional (CCI)
CA2.2 Identificáronse as modalidades de créditos documentarios, describindo os seus procedementos de emisión
CA2.4 Caracterizáronse os cheques persoal e bancario como medios de pagamento internacionais
CA2.7 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de diferentes medios de pagamento internacionais, calculando os custos derivados da súa xestión, e a garantía que ofrecen
CA2.9 Identificáronse os documentos necesarios para levar a cabo o cobramento ou o pagamento dunha operación de comercio internacional
CA3.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de cada modalidade de pagamento en función das garantías exixidas
CA3.7 Confeccionouse a documentación relativa á emisión, a modificación e a cancelación das garantías e os avais
CA4.1 Determinouse a solvencia, o risco de impagamento e outras circunstancias financeiras nas operacións de comercio internacional
CA4.3 Identificouse o procedemento definido para a presentación efectiva dos documentos no sistema financeiro
CA4.4 Identificouse para cada medio de pagamento internacional o documento base que o representa
CA4.6 Confeccionouse o documento base correspondente a distintos medios de pagamento utilizados nas operacións de comercio internacional
CA4.8 Calculáronse os custos financeiros e non financeiros debidos a un retraso ou a un impagamento dunha operación de comercio internacional
CA4.9 Xestionáronse os trámites administrativos relacionados co protesto de efectos impagados asociados a operacións comerciais internacionais



Criterios de avaliación do currículo
CA5.1 Utilizáronse ferramentas informáticas para a análise da lexislación do país de destino
CA5.2 Utilizáronse técnicas dixitais ou convencionais de investigación para a obtención da información
CA5.3 Utilizáronse os medios de pagamento internacionais usados a través de internet
CA5.6 Utilizáronse medios e programas informáticos na elaboración de informes e na elaboración de documentos de pagamento e cobramento internacional

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e bloques de contido asociados) deste módulo son mínimos esixibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba. Para obter unha avaliación positiva é preciso superar cada unha das partes con 5 puntos sobre 10 como mínimo. A cualificación final, sempre que estean aprobadas as dúas partes da proba, realizarase mediante unha media aritmética das dúas cualificacións, teórica e práctica.

O enunciado da proba conterá unha cabeceira coa información do tipo de proba (por exemplo: parte teórica proba libre), a data de realización e aquelas cuestións que se consideren precisas para un bo desenvolvemento das mesmas (normas de actuación, material a utilizar, tempo máximo de duración, etc)

Todas as partes da proba especificarán en cada cuestión a desenvolver a puntuación máxima que se obterá.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- a.- Proba escrita. Cuestionario de preguntas abertas e/ou curtas e/ou de relacionar e/ou preguntas tipo test. Esta proba representa o 50% do valor da nota final
- b.- Proba práctica. Resolución práctica dos supostos plantexados. Esta proba representa o 50% do valor da nota final.

PRIMEIRA PARTE DA PROBA. PARTE TEÓRICA:

Conterá un número significativo de cuestións a desenvolver e/ou tipo test dos RAs correspondentes aos contidos teóricos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en cuestións a desenvolver



e/ou cuestións tipo test:

-As cuestións a desenvolver se corrixirán seguindo un padrón de corrección onde a cualificación valorarase do seguinte xeito: pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75 % da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación.

-Respecto ás cuestións tipo test a súa valoración irá especificada no enunciado desta parte da proba. As cuestións mal contestadas penalizarán e restarán a metade da puntuación da pregunta ben contestada. As preguntas non contestadas non penalizarán.

A puntuación da parte teórica será a suma da puntuación das dúas partes, test e preguntas a desenvolver. Entre as dúas partes sumarán 10 puntos. A valoración de cada unha das partes especificarase no enunciado da proba.

Será necesario para aprobar obter nesta proba como mínimo 5 puntos.

SEGUNDA PARTE DA PROBA. PARTE PRÁCTICA:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos prácticos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en exercicios prácticos de varios tipos: cumprimentación de documentación, cálculo de custos e comisións, resposta a cuestións prácticas prantexadas, resolución de supostos prácticos, análise de textos,...

-Os cálculos serán corrixidos seguindo padróns de corrección e listas de cotexo onde se incluírán as secuencias dos cálculos e a súa valoración para obter o total da cualificación.

-No resto de cuestións prácticas se darán instrucións sobre os apartados a desenvolver e a cualificación de cada un deles. Serán corrixidos cunha rúbrica adaptada a cada cuestión concreta cos seguintes niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Nos enunciados das probas, aparecerá reflectida a valoración de cada unha das cuestións ou exercicios que se plantexen.

Os criterios de cualificación son os establecidos nos artigos 13 e 14 da orde de 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos o abeiro da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.



A puntuación desta parte práctica será como máximo de 10 puntos. Será necesario para aprobar obter como mínimo 5 puntos.

Os alumnos deberán ir provistos de calculadora sinxela, non podendo utilizar nin teléfono móbil nin smartwatch ou dispositivos similares.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Constará de preguntas curtas, de relacionar e/ou preguntas tipo test a desenvolver e/ou dun número significativo de cuestións tipo test sobre os contidos teóricos do módulo.

Contidos teóricos do módulo:

- Medios de pagamento internacionais: concepto, normativa, características, clasificación, orde teórica de seguridade, criterios xerais para a súa selección.
- Medios de cobramento e pagamento internacionais: análise dos distintos medios de pagamento internacional.
- Análise das garantías e avais internacionais.
- Documentación empregada nos cobramentos e pagamentos internacionais: documentos comerciais, de seguros, transporte, auxiliares,...
- Medios de cobramento e pagamento a través de internet e outros sistemas dixitais: BPO, ..., certificado dixital, firma electrónica, sistemas de intercambio de datos,...

4.b) Segunda parte da proba

PARTE PRÁCTICA:

Duración: 3 horas como máximo.

Estrutura da proba: O alumno debe realizar unha proba práctica que consistirá na resolución de exercicios, cada un dos cales terá unha valoración de acordo co establecido nos mínimos exixibles, entre outros:

:Resolución de supostos prácticos relacionados cos contidos mínimos de todas ou algunhas das seguintes cuestións

- Cuestións relacionadas coa normativa reguladora dos medios de pagamento internacionais.
- Cuestións relacionadas coa selección do medio de pagamento idóneo para determinados supostos prácticos.
- Cumprimentación de solicitudes de apertura de créditos documentarios.
- Casos prácticos relacionados cos distintos medios de pagamento: custos, comisións, vantaxes, inconvenientes,...



- Cuestións prácticas relacionadas cos avais e garantías.
- Cumprimentación de documentación empregada no cobramento e pagamento internacional.
- Análise de textos, documentos,...
- Realización de supostos prácticos relacionados cos distintos medios de pagamento internacionais.